



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de 5 peóns/peoas forestais, durante 9 meses, para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe. Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026, Subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Convocatoria ano 2026.

Núm. Admvo. Expte.: 2026/E001/000003

Expte. Decreto Núm.: 2026/G003/000407

O Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comunicou a este concello, con data do 21/04/2026, a resolución de concesión dunha subvención por importe de 84.775,15 € para a contratación de 5 persoas desempregadas a tempo completo por un período de 9 meses, para a ocupación de peón/peoa forestal, co obxecto: Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe, empregando a modalidade de contrato vinculado a políticas activas de emprego, ao abeiro da Orde do 22/01/2026.

Por Resolución de Alcaldía núm. 316/2026, de data 07/05/2026, aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal de 5 peóns/peoas forestais, durante 9 meses, para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe, subvencionado pola Orde do 22/01/2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo e se procede á súa convocatoria para o ano 2026.

Posteriormente, tramitouse a oferta para estes postos de traballo na oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo; remitindo esta oficina a relación de persoas candidatas preseleccionadas para os ditos postos (oferta núm. 12-2026-4256).

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 365/2026, de 21/05/2026, aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria, elevándose á definitiva por non haber aspirantes excluídos/as.

Vista a acta de selección do tribunal reunido o día 25/05/2026 que avaliou procedemento de selección das persoas aspirantes presentadas a estes postos, na que propón ao sr. Alcalde designar a María Luz Castro Rodríguez, Adrián Mouzo Pérez, Carmen Estrella Gómez Blanco, María Mercedes Valiña Rodríguez e Samuel Lema García peóns/peoas forestais para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe.

Unha vez comprobada a documentación presentada con data 27 de maio de 2026, polas persoas aspirantes propostas María Luz Castro Rodríguez, Adrián Mouzo Pérez, Carmen Estrella Gómez Blanco, María Mercedes Valiña Rodríguez e Samuel Lema García, establecida na base duodécima das bases de selección e sendo as mesmas conformes.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear a María Luz Castro Rodríguez con NIE ***6955**, Adrián Mouzo Pérez con DNI ***1201**, Carmen Estrella Gómez Blanco con DNI ***2585**, María Mercedes Valiña Rodríguez con DNI ***3436** e Samuel Lema García con DNI ***0115** como persoal laboral temporal para que realicen as tarefas de



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

peóns/peoas forestais no programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe. Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026, Expte. TR351G-2026-0000059-01), a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de traballo vinculado a políticas activas de emprego. O contrato terá unha duración de 9 meses, dende o 02/06/2026 ata o 01/03/2027, ámbolos dous incluídos.

Segundo: De acordo coa base 11.4 das bases de selección, esta resolución publicarase mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios do Concello da sede electrónica do Concello de Laxe (<https://sede.laxe.es>) e substituirá ás notificacións individuais as persoas interesadas, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Terceiro: Dar traslado desta Resolución ao Departamento de contabilidade para o seu coñecemento e efectos.

Cuarto: Dar conta desta Resolución ao Pleno municipal na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O alcalde

Asdo.: Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora

Asdo.: Begoña Carrasco García